

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 15032807 | IES do Milladoiro | Ames | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 3º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 6 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 7 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 8 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 8 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 9 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 9 |
| 7.2. Actividades complementarias | 10 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 10 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 11 |
| 9. Outros apartados | 11 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES do Milladoiro (Ames). O IES do Milladoiro é un centro creado no curso 2013/2014. O nivel sociocultural das familias do noso alumnado é extremadamente variado. A porcentaxe de alumnado procedente do estranxeiro é do 10%, aproximadamente, e a súa procedencia moi dispar. Aínda que non ofrece dificultades de integración, nos últimos cursos apréciase a chegada de alumnado que non coñece ningunha das dúas linguas oficiais. Xeograficamente é un centro peri-urbano-rural, situado no Concello de Ames, e moi perto de Santiago de Compostela. É o seu décimo curso dende a inauguración e conta cunha oferta educativa de ESO e BACH.

Cabe destacar a multiculturalidade do noso alumnado, tendo este ano matriculado alumnado, a maiores de España, de Colombia, Ecuador, República Dominicana, Venezuela, Chile, Perú, Uruguai, Arxentina, E.U.A, Panamá, Suíza, Angola, China, entre outras. O noso centro caracterízase por recibir, xa iniciado o curso escolar, alumnado de diversos países, chegando nalgúns casos a incorporarse incluso durante a 3ª avaliación (Plan de Acollida).

Tamén cabe sinalar que hai un gran número de alumnado con NEE e NEAE que require atención individualizada. Así pois, a atención á diversidade é outro dos puntos fortes para mellorar a convivencia positiva no centro.

Este proxecto competencial ten como obxectivo traballar a través da música, as distintas competencias e elementos transversais. Mediante a realización de musicais, podcast e outras actividades relacionadas coa música trataranse temas como a igualdade de xénero, o respecto a multiculturalidade, o cambio climático ou os obxectivos do milenio. O alumnado deberá traballar de xeito individual e cooperativo no deseño e realización das actividades, así como na resolución dos problemas que vaian xurdindo no proceso.

Cabe resaltar que, ao ser materia optativa, os dous grupos que se forman fanno con alumnado das catro clases de terceiro. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Coñecémonos. Como funcionamos en grupo? Que é o que queremos facer? Por onde empezar? | Determinarase o tema no que o o grupo vai traballar, elixiranse as actividades e organizarase o traballo individual e cooperativo. Traballaranse, a través das distintas posibilidades que a música ofrece, os elementos transversais do currículo de xeito activo e creativo. | 20 | 10 | X | X | X |
| 2 | Poñémonos en marcha | Unha vez organizado o traballo, cada alumno e alumna realizará as actividades que lle corresponden, sempre baixo a supervisión do profesorado e coa colaboración dos compañeiros e compañeiras. | 35 | 10 | X | X | X |
| 3 | Difusión dos resultados | A exposición do resultado dos distintos apartados do proxecto realizarase na aula, aínda que tamén poderase realizar na sala de usos múltiples para alumnos e alumnas doutros niveis. Tamén poderanse difundir a través da páxina web do centro. | 45 | 15 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Coñecémonos. Como funcionamos en grupo? Que é o que queremos facer? Por onde empezar? | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 2 | Poñémonos en marcha | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 3 | Difusión dos resultados | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar a campaña publicitaria. | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregarase unha metodoloxía activa, na que partindo dos coñecementos previos, o alumnado terá que construír a súa aprendizaxe, elixindo o tema a traballar, buscando información e expoñéndoa ante os seus compañeiros e compañeiras do xeito máis adecuado e creativo. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Para achegar dun xeito lúdico a historia dos petróglifos dos nosos concellos ao museo trabalharemos:

- O xogo como ferramenta prioritaria. Realizar un escape-habitación (scape-room) cooperativo.
- A radio como ferramenta de divulgación. Programas de radio
- Entrevistas con Luis Leclere e Manuel Gago.
- Redacción de artigos xornalísticos.
- Análise de documentais.
- Iconografía contemporánea: tatuaxes a flor de pel.

A toponimia como espazo de coñecemento. O camiño portugués e as súas paisaxes sonoras. Construíndo roteiros emocionais. A comparación da toponimia entre Portugal e Galiza é unha das liñas de traballo co alumnado. Aprender da toponimia para valorar a sabedoría local, fomentando o espírito investigador. Crear roteiros emocionais a través da memoria colectiva da oralidade. (En colaboración con Vero Rilo e Marcos PTT)

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

A improvisación oral e o seu aproveitamento didáctico na Galiza e no mundo, con especial atención aos países de orixe do noso alumnado. Dende os nosos institutos para o mundo. A través de diferentes paneis, materiais audiovisuais e mobiliario con obxectos (traxe de xenerais do Ulla, fotografías, regueifa-rosca, libros de cordel galegos e brasileiros, cartelaria, etc) mostraremos un achegamento á historia e actualidade do repentismo. (En colaboración co Proxecto Regueifesta)

A transmisión oral interxeracional: entrevistas e historias de vida como fonte de coñecemento e experiencia emocional. As recollidas realizadas polo noso alumnado nas súas familias e veciñanza centrarán esta parte da exposición onde terán presenza desde as recollidas de Dorothe Schubart en Vila de Cruces e a súa repercusión na cultura local, até historias recollidas polo alumnado de orixe galega e alumnado inmigrado, para coñecer as diferentes culturas que hoxe en día conforman o patrimonio oral do noso pobo. Nesta parte terá un lugar especial o medio audiovisual e os rexistros sonoros.

A relación entre o cancionero tradicional e as músicas pop do séculos XX e XXI terán un lugar para a interacción neste espazo.

(En colaboración coas A.A.V.V.)

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, establecendo comparativas entre as dúas zonas xeográficas nas que temos os centros educativos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no programa Radio do centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Para esta fase contaremos coa axuda e colaboración de Natalia Poncela como coordinadora de exposicións e comisaria en espazos como o CGAC e a Cidade da Cultura.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Música (recollida e análise de cancións, improvisación oral, canto coral, escrita...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estatísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula de ordenadores, Espazo de Radio, Biblioteca, Taller de Tecnoloxía, Aulas de Música |
| Caderno de traballo e Aula Virtual |
| Materiais de papelería: cartolinas, tesoiras, pegamento, rotuladores |
| Ordenador, canón de vídeo |
| Material para a caracterización |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizaranse unha serie de dinámicas de grupo baseadas nas competencias clave que serán avaliadas mediante a observación por parte do profesorado. O seu obxectivo será facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 35 | 45 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Criterios de avaliación e cualificación

- Actitude e interese pola materia, que se valorará polo esforzo e implicación do alumnado: 2 puntos
- Realización do traballo individual: 2 puntos
- Calidade do traballo individual: 2 puntos
- Realización e do traballo grupal: 2 puntos
- Calidade da exposición do traballo grupal: 2 puntos

A nota de cada trimestre será a suma dos puntos anteriores.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos do traballo cooperativo, desempeño de rol concreto e a realización de tarefas individuais e grupais.

Nota final

A nota final será a nota media da cualificación dos tres trimestres. Redondearase seguindo o seguinte criterio:

- Desde a sexta décima redondearase cara arriba
- Desde a quinta décima redondearase cara abaixo

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, deberá realizarlas no seguinte trimestre se é posible. De non ser así, o alumnado suspenso deberá realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita

final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Obradoiros relacionados con algún obxectivo ou contido do currículo | Obradoiros relacionados con algún obxectivo ou contido do currículo | X | X | X |
| Saídas para traballar obxectivos e contidos relacionados co currículo | Saídas para traballar obxectivos e contidos relacionados co currículo | X | X | X |

Observacións:

Neste momento non temos actividades concretas programadas. Estaremos atentos á oferta educativa que proveña das institucións de Santiago ou Ames.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado |
| Participación activa de todo o alumnado |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados